

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ORTIGUEIRA (RIBADULLA-VEDRA)

DATA: 12/05/2019

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1º curso	3
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
2º curso	15
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
3º curso	27
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
4º curso	37
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
5º curso	48
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
6º curso	62
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
2. Avaliación e cualificación.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	
4. Información e publicidade.	
PT	80
1. Referencia do alumnado que precisa atención por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica	
2. Metodoloxía, materiais e recursos	
3. Procedementos e instrumentos de avaliación	
4. Coordinación cos titores e comunicación cos alumnos e coas familias	

1º curso

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º CIENCIAS NATURAIS

CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CAA, CCL, CSIEE, CCEC, CD
CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CMCCT, CSIEE
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA, CMCCT, CSC, CSIEE
CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CMCCT, CSC
CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	CMCCT, CSC
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT, CCL, CSC
CNB2.2.1. Leva vida saudable cunha alimentación adecuada.	CMCCT, CSC
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCT, CSC
CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCCT, CSIEE
CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	CMCCT, CCL
CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	CMCCT, CCL
CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCCT
CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	CMCCT, CCL, CAA, CSIEE
CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	CMCCT, CSC, CSIEE
CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	CMCCT, CSC
CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	CMCCT
CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CCL,
CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CSIEE
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCCT, CD, CCL
CNB5.2.2. Emprega o ordenador guiada e fai bo uso.	CMCCT, CD

1º CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes, selecciona a información relevante e a organiza.	CAA, CCL, CD, CMCCT
CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE, CAA, CSC
CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA
CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA

CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL, CSC, CMCCT,
CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	CMCCT, CD, CAA
CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna.	CMCCT, CCL
CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.	CMCCT, CSC, CCL
CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa	CMCCT, CD, CCL
CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	CMCCT, CCL
CSB2.7.1. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	CMCCT, CAA
CSB2.8.1. Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CMCCT, CAA
CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CSC, CMCCT
CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros	CMCCT, CSC, CAA
CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven	CMCCT, CSC
CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	CSC
CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	CMCCT, CAA
CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e descríbeseas	CCL, CCEC
CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	CCL, CMCCT
CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT, CAA
CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns.	CSC, CAA
CSB3.8.1. Cita e valora festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna e contribúe á súa conservación.	CCEC, CSC, CCL
CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando as unidades do tempo básicas	CSC, CAA, CCL
CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC, CAA, CCL
CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.	CMCCT, CCL

1º LINGUA CASTELÁ

LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL, CAA, CSC
LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL, CAA, CSC
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL, CSC
LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos e exposicións orais moi guiadas.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL
LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL, CAA
LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CCE, CAA
LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL, CAA, CCEC
LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
LCB1.9.1. Narra situacións persoais sinxelas.	CCL, CSIEE
LCB1.9.2. Describe, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: arriba a abaixo; abaixo a arriba	CCL

LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, noite ...	CCL
LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL, CSC
LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL,CAA, CSC,CSIE
LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, variados, breves e adaptados á idade.	CCL
LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL, CAA
LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	CCL, CAA
LCB2.4.1 Expresa o gusto por lectura	CCL
LCB2.4.2 Explicaas súas preferencias lectoras.	CCL
LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca máis axeitados para obter información e para o lecer.	CCL, CD, CAA
LCB2.6.1.Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL, CSC
LCB3.1.1.Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías .	CCL
LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia	CCL
LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, instrucións...	CCL, CD, CAA
LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL, CAA
LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos da palabra.	CCL
LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na súa orde.	CCL
LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras.	CCL
LCB4.1.4. Distingue xénero e número palabras habituais.	CCL
LCB4.1.5. Utiliza os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
LCB4.1.6. Forma grupos nominais con concordancia.	CCL
LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro.	CCL
LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL
LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL
LCB4.2.4. Identifica palabras derivadas de outras evidentes.	CCL
LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura	CCL
LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	CCL
LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL, CD, CAA
LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL, CSC
LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas ...	CCL, CCEC
LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	CCL,CAA, CCEC
LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL, CCEC

LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL, CAA
LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL, CAA, CCEC

1º-LINGUA GALEGA

LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	CCL, CAA
LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons.	CCL, CD, CAA, CSC
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di ,e contestando se é preciso.	CCL,CAA, CSC, CSIEE
LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	CCL, CAA
LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos	CCL, CSIEE, CAA
LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	CCL, CSC
LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	CCL, CSC
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos orais.	CCL, CSC,
LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL, CSC, CCEC
LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o uso fóra dela.	CCL, CSC, CCEC
LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio oral.	CCL, CSC,
LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	CCL, CSC, CCEC
LGB1.5.6. Participa conversa facendo e contestando preguntas.	CCL, CSC,CCEC
LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL, CAA
LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL,CAA, CSIEE
LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada ..	CCL,CAA, CCEC, CSIEE
LGB1.9.1. Identifica a linguaxe discriminatoria e sexista	CCL, CSC
LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL, CSC
LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios ...	CCL, CCEC
LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou non.	CCL, CCEC, CSC
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, procedentes dos medios de comunicación .	CCL, CD, CSC
LGB2.1.2. Comprende informacións en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL
LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia.	CCL, CAA, CSIEE
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL,CAA, CSC,CSIEE,
LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	CCL, CAA
LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando a velocidade axeitada.	CCL
LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu uso.	CCL, CAA, CSC
LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado.	CCL, CAA, CSC
LGB2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL, CAA
LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	CCL, CAA, CSC, CCEC
LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica, as súas preferencias lectoras.	CCL

LGB2.7.2. Expresa, opinións e valoracións sobre as lecturas.	CCL, CAA CSIEE,
LGB3.1.2. Elabora pequenos textos creativos con coherencia.	CCL, CAA, CSIEE
LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.	CCL
LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas.	CCL, CSC, CCEC
LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos.	CCL, CAA, CSIEE
LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.	CCL, CAA, CSIEE
LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	CCL, CAA
LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis, anuncios, cómic.	CCL, CSC, CCEC, CAA,
LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL, CD, CSIEE
LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas: limpeza e calidade caligráfica.	CCL, CD, CAA
LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL, CSC
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	CCL, CAA
LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman a palabra.	CCL, CAA
LGB4.1.3. Identifica os nomes propios	CCL, CAA
LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL, CAA
LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social.	CCL, CSC, CCEC
LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL, CAA
LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.	CCL, CAA
LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL, CAA
LGB5.1.1. Recrea de xeito sinxelo diversos textos literarios.	CCL, CAA, CCEC
LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento e gozo persoal.	CCL, CCEC
LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís.	CCL, CCEC, CD
LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL, CCEC, CD
LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL, CCEC, CSC
LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente na galega, como vehículo de comunicación para gozo persoal.	CCL, CSC, CCEC

1º-MATEMÁTICAS

MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas.	CMCT, CCL
MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar nesta área.	CMCT, CAA
MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	CMCT, CD, CAA
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.	CMCT, CCL
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións reais.	
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT
MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e cotiás números naturais ata o 99.	CMCT, CCL, CAA
MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición das súas cifras.	CMCT

MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos.	CMCT
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.	CMCT
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa resta nos problemas.	CMCT
MTB2.3.3. Emprega procedementos realizando cálculos numéricos básicos.	CMCT
MTB2.4.1. Resolve problemas con dominio dos contidos traballados.	CMCT, CAA
MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando operacións, unidades, comprobando resultados.	CMCT, CAA, CSIEE
MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	CMCT
MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	CMCT
MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.	CMCT
MTB3.4.1. Coñece e usa unidades do tempo. Minuto, hora, día, semana e ano.	CMCT
MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.	CMCT
MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	CMCT
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT, CAA
MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	CMCT, CAA, CSIEE
MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo usando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	CMCT, CAA, CCL
MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	CMCT, CAA
MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	CMCT, CAA
MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando operacións, unidades e comprobando solucións.	CMCT, CAA, CSIEE
MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.	CMCT, CAA
MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.	CMCT, CAA

1º-EDUCACIÓN PLÁSTICA

EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	CCEC, CSC
EPB1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	CCEC, CSC
EPB1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	CCEC, CAA
EPB1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	CCEC, CCL,
EPB1.3.3. Identifica os tamaños.	CCEC,CMCCT
EPB1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.	CCEC
EPB1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	CCEC, CCL,
EPB1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.	CMCCT, CCL
EPB1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	CCEC,CMCCT
EPB1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	CCEC,CMCCT
EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e compañeiras, usando vocabulario axeitado.	CCL, CSIEE, CCEC
EPB1.5.1. Observa formas de presentar o espazo.	CCEC, CAA,
EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.	CCEC, CAA

EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	CCEC
EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta para completar debuxos.	CCEC, CSIEE
EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear..	CCEC, CAA
EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	CCEC
EPB2.3.1. Respecta as normas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.	CCEC, CSC

1º-EDUCACIÓN MUSICAL

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, instrumentos, obxectos, animais e da voz.	CECC, CAA
EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente calidades do son: curto, longo, ascendente, descendente, forte, piano, agudo, grave.	CCEC
EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.	CCEC
EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio, seguindo as instrucións do mestre, durante as interpretacións e a escoita das audicións.	CSC, CCEC
EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e compañeiras, e profesorado.	CSC, CCEC
EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/a de orquestra, instrumentista e público.	CCEC
EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao nivel no contexto adecuado	CCL, CCEC
EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo/curto, rápido/lento, forte/piano, son/silencio, agudo/grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e par de corcheas.	CCEC, CAA
EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados co corpo ou instrumentos PAI	CCEC, CMCCT
EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas, atendendo ás indicacións do mestre/director.	CCEC, CSC
EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. Asume a respiración como parte do proceso de interpretación vocal.	CAA
EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	CCEC, CCL,
EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC, CMCCT
EMB2.3.4. Usa ostinatos rítmicos sinxelos para o acompañamento de recitados, cancións e pezas instrumentais, identificando a súa grafía.	CCEC, CAA
EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal	CCEC, CSC
EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e compañeiras, respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	CCEC, CSC
EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC
EMB3.2.2. Coordina extremidades no desprazamento coa música.	CCEC
EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento comunicador.	CCEC

1º-EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC, CAA, CSIEE
EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.	CSC, CAA, CSIEE
EFB1 3.1. Participa nas actividades propostas.	CSC, CAA,
EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE, CAA,
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas coidado e hixiene .	CSC, CSIEE,
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC

EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	CSC, CAA
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	CSC, CAA
EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.	CAA, CSC
EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	CSC, CAA
EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.	CSC, CAA
EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.	CSC, CAA
EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e orientación espacial.	CSC, CCEE, CAA
EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	CSC, CAA, CSIEE
EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	CCEC, CSC, CAA
EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	CSIEE, CAA
EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina	CSC, CAA,
EFB5.2.1. Identifica os riscos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	CAA, CSC
EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas dos xogos.	CSC, CSIEE,
EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	CAA, CSIEE, CSC
EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.	CCEE, CAA,
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	CCEC, CSC,
EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	CSC, CAA
EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	CSC, CAA

1º-LINGUA INGLESA

PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL
PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	CCL
PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais	CCL, CAA
PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	CCL
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais	CCL
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CCL

1º curso

2. Avaliación e cualificación

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos:</p>	<p><i>Escritos</i></p>	<p><i>Orais</i></p>
	<p>Instrumentos:</p>	<p>- Traballo diario no libro de texto (actividades interactivas e escritas), nas fichas e no caderno a través do envío diario. - Realización dunha pequena proba escrita ao final da unidade. <u>Lingua estranxeira:</u> Probas obxectivas: Comprensión auditiva con preguntas de verdadeiro ou falso ou de poñer números as imaxes. Preguntas de relacionar imaxe e palabra.</p>	<p>- Audios correspondentes ás actividades de comprensión oral (envíos de resumos orais, de continuación de historias...), - Vídeos que acompañan actividades que implican traballo de redacción (documentación de noticias, invención de contos...) - Exposicións orais. - Participación na clase repaso ao final da unidade a través de Webex. - Responder correctamente ás preguntas individuais ao finalizar a unidade.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>A cualificación ordinaria será o resultado do cálculo da media das dúas primeiras avaliacións, incrementada ata un máximo de 1 punto dependendo do traballo diario do terceiro trimestre. As porcentaxes asignadas serán 60% traballo diario e 40% probas ao final da unidade. En relación ao traballo diario será: 50% envío diario coas súas correspondentes tarefas de libro, cadernos, audios, vídeos... 10% actitude positiva e colaborativa na realización de tarefas. En relación á probas ao final da unidade será: 20% na avaliación escrita. 20% na avaliación oral. <u>Lingua estranxeira</u> Dado que a avaliación é continua, a avaliación final será a suma do traballo durante todo o curso. Tendo en conta que a terceira avaliación non é presencial valorarase a presentación das actividades propostas durante este trimestre e o esforzo persoal de cada alumno.</p>		

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Ciencias naturais:

- Visualizar e comprender os vídeos tutoriais feitos pola docencia para explicar o tema.
- Ver vídeos explicativos de canais educativos publicados en *Youtube* e responder ás preguntas de comprensión, formuladas para responder na caderno ou nas fichas enviadas.
- Ler os textos do libro e facer as páxinas correspondentes á información adquirida..
- Realizar as fichas de reforzo e ampliación enviadas.
- Buscar información relacionada co tema e responder ás preguntas.
- Facer pequenas redaccións coa información adquirida.
- Facer experimentos na casa relacionados co tema, seguindo e interpretando as instrucións.

Ciencias sociais:

- Volver a ver os vídeos empregados no proxecto de aula, e responder as preguntas de comprensión.
- Redactar pequenos textos no relativo ao proxecto.
- Visualizar os vídeos repaso feitos pola docencia no relativo ás cuestións que implicaron máis memorización durante o curso: mapas, ríos, rías...
- Practicar as actividades interactivas.
- Ampliar información a través do libro de texto, realizando lecturas e fichas.
- Ver pequenos vídeos/documentais de lugares de Galicia coas súas particularidades xeolóxicas relacionándoas cos novos temas e comentándoas tanto a nivel oral como escrito no caderno.

Lingua castelá e lingua galega:

- Ver curtametraxes/ pequenos fragmentos de películas e expresar a idea xeral das historias tanto de forma oral como escrita, a través de preguntas de comprensión e redacción de pequenos resumos.
- Ver e comprender o vídeos tutoriais feitos pola docencia para explicar tanto os aspectos ortográficos, gramaticais como de redacción.
- Completar as fichas elaboradas pola docencia.
- Facer as actividades interactivas relacionadas cos vídeos correspondentes á lección.
- Ler os textos do libro e facer as páxinas en relación á información adquirida.
- Realizar ditados.
- Analizar pequenas frases.
- Redactar pequenos textos en diferentes clave de redacción: resumos, contos, noticias, teatro, cartas...
- Xogar coas aplicacións ortográficas tanto para táblet e móbil.
- Escoller algún libro da casa non lido anteriormente e comentalo de xeito escrito.

Matemáticas

- Visualizar os vídeos feitos pola docencia para explicar os diferentes contidos.
- Facer as actividades interactivas relacionadas cos vídeos correspondentes á lección, tanto as propostas pola docencia como as expostas en diferentes páxinas web.

	<ul style="list-style-type: none"> - Facer as páxinas do libro en relación á información adquirida. - Debuxar números interiorizando os conceptos de decenas e unidades. - Realizar exercicios de cálculo mental a través de videoconferencia. - Practicar numeración, cálculo e estratexias de resolución a través do traballo de caderno. - Ler e comprender problemas de resolución on line, con libro e caderno, tanto no relativo á suma como á resta. - Inventar, redactar e intercambiar problemas para realizar entre os compañeiros. <p>Educación plástica</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar fichas de coloreado aprendendo a destacar elementos principais de secundarios con diferentes materiais. - Debuxar obxectos a diferentes distancias nun plano - Realizar exercicios que impliquen explorar as diferentes posibilidades expresivas da liña. - Crear mandalas con diferentes materiais. <p>Educación física: Proposta de actividades tipo para realizar exercicio.</p> <p>Educación musical: Proposta de actividades a través da aula virtual relativas ao bloque de audición.</p> <p>Lingua estranxeira</p> <p>Actividades de repaso, de reforzo e ampliación utilizando os libros electrónicos (Class Book e Activity Book) e actividades na rede.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Os 10 alumnos que compoñen o grupo de 1º gozan dos recursos necesarios para o seguimento das clases.</p> <p>A metodoloxía que estou seguindo é un sistema mixto. En función das necesidades, algúns nenos están recibindo unha clase dunha hora de duración exclusiva por videoconferencia, mentres o resto do grupo, que é a maioría, traballa coas súas familia, empregando o sistema de videoconferencia noutra franxa horaria da mañá e só para dúbidas.</p> <p>Tódolos días, reciben un correo diario que inclúe o vídeo feito pola docencia coa correspondente lección, os vídeos de canais educativos (se a ocasión o require), as fichas correspondentes e sobre todo as instrucións para que comecen e respecten a orde do traballo.</p> <p>De 11:00 a 13:00 os nenos con máis dificultade reciben a clase e traballan co apoio da docencia para levar un seguimento máis exhaustivo das súas aprendizaxes, especialmente no campo das instrumentais. Tanto as ciencias como a educación plástica, son apoiadas polas súas familias noutra franxa horaria.</p> <p>De 13:00 a 13:30 as posibles dúbidas ou dificultades que apareceron serán respondidas por videoconferencia.</p> <p>Á 13:30 os nenos conéctanse para ter un “recreo virtual” e así non perder o contacto entre eles.</p> <p>As tarefas son enviadas ao longo da xornada e unha vez corrixidas, mándanse ás 9:00 da mañá do día seguinte para que as correccións sexa o primeiro polo que se comeza.</p> <p>Ao remate das unidades, establécense unha videoconferencia grupal para falar e repasar todo o adquirido.</p> <p>Unha vez repasado todo, os alumnos realizarán unha serie de probas da unidade e en función das dificultades que aparezan, estableceranse unhas titorías individuais pola tarde para fixar e consolidar os contidos aprendidos.</p> <p>Lingua estranxeira: A gran maioría do noso alumnado descargou os libros online e accede ó material por e-mail ou na aula virtual. Tamén usamos a plataforma Cisco Webex.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Sistema de videoconferencia Webex de CISCO. - Correo electrónico edu.xunta.es - Plataforma de libros dixitais de Santillana.

- Plataforma de e-vocación. (recursos complementarios de Santillana)
 - Plataforma de libros dixitais de Anaya.
 - Canais educativos (happy learning, aula 365...)
 - Vídeos educativos publicitados a través de youtube kids.
 - Power Point versión 2019, BB FlashBack Express e Free Make Vídeo Converter (para a elaboración de vídeos explicativos)
 - Xogos interactivos: “mundo primaria”, “aprende primaria jugando”...
 - Apps para móbil: “ortografía para niños de 7 años”, “aprende a deletrear”, “monster numbers”
- Língua estranxeira: Fichas interactivas, libros electrónicos, contos, cancións....

1º curso

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Correo diario coa tarefas a realizar, e os materias adxuntos. - Mensaxes diarias coas imaxes das tarefas corrixidas para iniciar a tarefa comezando polas correccións. - Creación dun grupo por wébex para calquera modificación ou convocatoria de reunión - Videoconferencia diaria cos nenos que precisan máis axuda e con todos ao completo nos “recreos virtuais” da 13:30.
Publicidade	O centro publicará na páxina web do centro estas modificacións

2º curso

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2º CIENCIAS NATURAIS

CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada.	CAA, CCL, CSIEE, CCEC
CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CMCCT, CSIEE
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA, CMCCT, CSC, CSIEE
CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros.	CMCCT, CCL, CSC
CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	CMCCT
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT, CSC, CCL
CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	CMCCT, CSC, CAA
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CMCCT, CSC
CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCCT
CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	CMCCT, CCL
CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.	CMCT, CCL
CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.	CMCCT, CCL, CSC
CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.	CMCCT, CSC, CCL
CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	CMCT, CSC, CSIEE
CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.	CMCCT, CD, CCL
CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CMCCT, CD
CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CCL,
CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CSIEE
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCCT, CD, CCL
CNB5.2.2. Emprega o ordenador guiada e fai bo uso.	CMCCT, CD

2º CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA, CCL, CD, CMCCT
CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa e asume responsabilidades.	CSIEE, CAA, CS
CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA
CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	CAA
CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL, CMCCT, CSC
CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	CMCCT, CD, CCL

CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CSC
CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	CMCCT, CD, CAA
CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	CMCCT, CSC, CCL
CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	CMCCT
CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	CMCCT, CCL
CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.	CMCCT, CSC
CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	CMCCT, CCL
CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	CSC, CCL
CSB3.4.1. Avisa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	CSC
CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	CSC, CCL, CCEC
CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou peón nos medios de transporte.	CSC, CCL, CAA
CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	CSC
CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	CCL, CMCCT
CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.	CMCCT, CAA
CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos.	CMCCT, CSC
CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	CCL, CSC, CMCCT
CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	CSC, CCEC

2º LINGUA CASTELÁ

LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	CCL, CAA, CSC
LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	CCL, CAA, CSC
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo .	CCL
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	CCL
LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tics.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	CCL
LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	CCL
LCB1.5.1. Comprende a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL, CAA
LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios ...	CCL, CAA
LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	CCL
LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	CCL, CD, CAA
LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	CCL, CD, CAA, CSC
LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	CCL, CAA , CCEC

LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	CCL
LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas ...	CCL, CAA, CSIEE
LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	CCL, CAA, CSIEE
LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL, CSC
LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para a comprensión.	CCL, CAA, CSC, CSIEE
LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	CCL
LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	CCL
LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.	CCL, CAA
LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa	CCL, CAA
LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	CCL, CAA
LCB2.3.2. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes	CCL, CAA
LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	CCL, CAA
LCB2.4.1. Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	CCL,
LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información.	CCL, CD, CAA
LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL, CSC
LCB2.7.1. Diferencia, entre información e publicidade.	CCL,CAA,CSC
EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CSC

EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas en audicións e representacións musicais.	CSC
EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC, CCL
EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais.	CCEC, CAA, CCL
EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC, CAA, CCL
EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC, CMCCT
EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC
EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo.	CAA, CD, CSIEE
EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e contribucións dos demais.	CAA, CSIEE, CSC
EMB1.4.3. Expón información con claridade, limpeza, orde en varios soportes.	CIEE, CCL, CD
EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC, CAA
EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á forma de producir o son	CCEC, CAA, CCL
EMB1.6.1. Relaciona o que escoita e represéntao en partitura.	CCEC, CAA
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical, e representa a súa estrutura	CCEC, CAA,
EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC, CAA
EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC
EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.	CCL, CD
EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación.	CCEC, CAA
EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	CCEC, CAA
EMB2.1.3. Interpreta pezas instrumentais e vocais con distintos agrupamentos.	CCEC, CAA
EMB2.1.4. Avalía a interpretación amosando interese e esforzo por mellorar	CAA
EMB2.2.1. Representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical. Individual ou en grupo.	CCEC, CAA
EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
EMB2.2.4. Realiza acompañamentos de pezas relacionadas coa propia cultura.	CCEC, CAA
EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e forma de interacción social.	CCEC, CSC
EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC, CSC
EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara aos demais.	CSC
EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar a interpretación, e fai unha avaliación crítica do resultado.	CAA

6º-EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	CSC, CAA, CSIEE
EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CSC, CAA, CSIEE
EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	CSC, CAA, CSIEE
EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	CSC, CSIEE, CAA
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL, CSC

EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.	CSC, CAA
EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	CSIEE, CAA, CCEC
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene	CSC, CSIEE
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade	CSC, CAA
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria .	CSC, CAA
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC, CAA
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	CSC, CAA, CSIEE
EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.	CSC, CCEE, CAA, CSIEE
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.	CSC, CCEE, CAA, CSIEE
EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais, intentando manter o equilibrio postural.	CSC, CCEE, CAA, CSIEE
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente	CCEC, CSC, CAA
EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	CMCCT, CSC, CAA
EFB5.1.1. Ten interese mellorar	CSIEE, CAA
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física	CSC, CAA
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.	CSC, CAA,
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CAA, CSIEE, CSC
EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	CAA, CSIEE, CSC
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo temporais.	CAA, CSIEE, CSC
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais respectando as regras destes	CCEC, CAA, CSC
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	CMCCT, CSC, CAA
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CMCCT, CAA, CSC

6º-EDUCACIÓN MUSICAL

EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	CSC
EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas en audicións e representacións musicais.	CSC
EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC, CCL
EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais.	CCEC, CAA, CCL
EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC, CAA, CCL
EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC, CMCCT
EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC

EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo.	CAA, CD, CSIEE
EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e contribucións dos demais.	CAA, CSIEE, CSC
EMB1.4.3. Expón información con claridade, limpeza, orde en varios soportes.	CIEE, CCL, CD
EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC, CAA
EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á forma de producir o son	CCEC, CAA, CCL
EMB1.6.1. Relaciona o que escoita e represéntao en partitura.	CCEC, CAA
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical, e representa a súa estrutura	CCEC, CAA,
EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC, CAA
EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC
EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.	CCL, CD
EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación.	CCEC, CAA
EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	CCEC, CAA
EMB2.1.3. Interpreta pezas instrumentais e vocais con distintos agrupamentos.	CCEC, CAA
EMB2.1.4. Avalía a interpretación amosando interese e esforzo por mellorar	CAA
EMB2.2.1. Representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical. Individual ou en grupo.	CCEC, CAA
EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
EMB2.2.4. Realiza acompañamentos de pezas relacionadas coa propia cultura.	CCEC, CAA
EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e forma de interacción social.	CCEC, CSC
EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC, CSC
EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara aos demais.	CSC
EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar a interpretación, e fai unha avaliación crítica do resultado.	CAA

6º-LINGUA INGLESA

PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	CCL, CAA
PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	CCL, CAA
PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, deporte...).	CCL, CAA
PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	CCL, CAA
PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	CCL, CAA
PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.	CCL, CAA

PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	CCL, CAA
PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	CCL, CAA
PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ©, @, £).	CCL
PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CCL, CD, CAA
PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CCL, CD, CAA, CSC
PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	CCL, CAA, CSC
PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	CCL, CD, CSC
PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	CCL, CSC

6º curso

2. Avaliación e cualificación

	Procedementos:	<i>Escritos</i>	<i>Orais</i>	<i>Outros</i>
Avaliación	Instrumentos:	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria, e enviadas á aula virtual. • Actividades de avaliación levadas a cabo na aula virtual. • Resolución de exercicios e problemas. • Escalas de corrección das actividades. • Criterios específicos de corrección de probas e cuestionarios na aula virtual (explicitados en cada un dos instrumentos). <p><u>Lingua estranxeira</u> Revisión de tarefas e corrección das mesmas, probas escritas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Preguntas individuais e en grupo levadas a través de videoconferencia. • Rexistros de participación do alumnado nas conferencias. • Probas orais individuais. • Exposicións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escalas. • Actividades de autoavaliación. • Actividades interactiva <i>on-line</i> executadas.
Cualificación final	<p>A cualificación ordinaria será o resultado de calcular a media das dúas primeiras avaliacións incrementada ata un máximo de 3 puntos dependendo do traballo do terceiro trimestre.</p> <p>Para o cálculo da avaliación ordinaria terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A realización correcta de tarefas no tempo estipulado (50%) -Esforzo e actitude positiva e colaborativa (10%) -Interese e orde nas tarefas.(10%) -Probas telemáticas (30%) 			

6º curso

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Lingua: Actividades de repaso e reforzo especialmente de composición e redacción en todos os formatos.</p> <p>Matemáticas: Dado que a totalidade do alumnado acadou o mínimo imprescindible, levaranse a cabo actividades de ampliación (medidas e magnitudes, xeometría e volume)</p> <p>Actividades de repaso en resolución de problemas.</p> <p>Naturais: actividades repaso e reforzo do 2º trimestre e actividades de ampliación: (materia, electricidade e magnetismo)</p> <p>Lingua estranxeira: Actividades de repaso, de reforzo e ampliación utilizando os libros electrónicos (Class Book e Activity Book) e actividades na rede.</p> <p>Lingua Castelá: Todo o alumnado tiña acadados os mínimos esixibles do curso no mes de marzo.</p> <p>Actividades de reforzo e mellora referidas especificamente a tres ámbitos: comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía e complexidade, composición escrita e sintaxe.</p> <p>Ciencias Sociais: Todo o alumnado tiña superada a materia dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Presentación esquemática dos aspectos máis salientables dos temas pendentes usando o libro de texto, presentacións de elaboración propia, esquemas e interacción oral por videoconferencia.</p> <p>Educación física: Proposta de actividades tipo para realizar exercicio.</p> <p>Educación musical: Proposta de actividades a través da aula virtual relativas ao bloque de audición.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Todo o alumnado ten conectividade.</p> <p><u>Metodoloxía:</u> Envío semanal da proposta de actividades a través da aula virtual. As actividades realízanse maioritariamente na propia plataforma ou usando editores de textos. Tamén se permite a entrega de imaxes de traballos realizados no caderno.</p> <p>Colaboración e coordinación coa mestra especialista de Pedagogía Terapéutica na atención específica dun alumno con dificultades de aprendizaxe, que se acentúan na adaptación á comunicación virtual e o traballo telemático.</p> <p>Realización de videoconferencias (grupais e individuais) enfocadas á mellora da autonomía dixital do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">• Presentación de recursos e ferramentas que fagan posible a transmisión e realización das actividades sen dependencia dun adulto.• Asesoría virtual sobre problemas técnicos ou manexo dos programas ou aplicacións.• Realización de videoconferencias de tipo académico enfocadas á guía do proceso de execución das tarefas, resolución de dúbidas, actividades orais. <p><u>Lingua estranxeira</u></p> <p>A gran maioría do noso alumnado descargou os libros online e accede ó material por e-mail ou na aula virtual. Tamén usamos a plataforma Cisco Webex.</p>

Materiais e recursos	<p>Ademais dos recursos máis habituais da programación ordinaria, introdúcense os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto en formato físico e dixital. • Plataforma para videoconferencias CISCO-WEBEX. • Abalar Móbil • Aula Virtual. • Correo electrónico. • Programas de edición de texto (<i>Writer, Microsoft Word</i>) e creación de presentacións (<i>PowerPoint, Impress</i>). • Aplicacións e programas para escaneado (<i>Camscanner, Adobe Scan</i>). • Ferramentas de agrupamento e conversión a arquivos .pdf en liña. <p><u>Lingua estranxeira</u></p> <p>Fichas interactivas, Fichas tradicionais, libros electrónicos, vídeos, contos, cancións...</p>

6º curso

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A modificación da programación será publicada na páxina web do centro. O centro comunicará ás familias por Abalar Móbil a publicación de todas as programacións. Cada titor informará ao alumnado da súa titoría das modificacións levadas a cabo.</p>
Publicidade	<p>O centro publicará na páxina web do centro estas modificacións</p>

Pedagogía terapéutica

1. Referencia do alumnado que precisa atención por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica

1º nivel da etapa de Educación Primaria. Alumno 1

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Alumno co que se fai necesario traballar a estimulación cognitiva e o afianzamento das habilidades mentais básicas. Manifesta inversións gráficas na linguaxe escrita. Mostra pouca motivación naquelas tarefas que non resultan do seu interese. Personalidade tendente á abstracción.

1.2.- Obxectivos

- Afianzar os procesos cognitivos básicos como a atención e a memoria e exercitar a capacidade de concentración.
- Consolidar as aprendizaxes instrumentais básicas de razoamento lóxico básico.
- Eliminar as inversións gráficas na linguaxe escrita.
- Aumentar a súa motivación cara as tarefas escolares.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

De cara a afianzar os procesos cognitivos básicos como a atención e a memoria e exercitar a capacidade de concentración:

- Identificar obxectos, letras, formas xeométricas sinxelas...que sexan iguais ou diferentes a un modelo dado ou que estén integradas nun conxunto.
- Buscar as diferenzas entre dous debuxos e marcalas cunha cor.
- Memorización de palabras: visualizar palabras durante un tempo determinado para logo intentar recordalas sen miralas ou ben identificalas nun grupo.
- Completar os detalles que lle faltan a unha serie de debuxos.
- "Memory" con imaxes das letras, animais, obxectos...colocar as tarxetas cara arriba para que as poida observar durante uns segundos e a continuación darlles a volta. Ten que recordar onde se atopan as parellas de imaxes.
- Unir/ asociar palabras cos seus debuxos correspondentes nun tempo determinado. **IMPORTANTE:** nesta actividade faise necesario cronometrar o tempo para comprobar a velocidade/ axilidade na asociación de conceptos (obxectivo que se busca alcanzar), estimulando deste xeito a súa capacidade atencional e perceptiva e traballando a conciencia semántica.
- Observar con atención unha serie de obxectos da casa durante un tempo determinado. A continuación, localizar os obxectos observados con anterioridade de entre todos os que hai nun conxunto, traballando con elo a memoria visual.
- Asociar números con cantidades nun tempo determinado.

Para consolidar as aprendizaxes instrumentais básicas de razoamento lóxico básico:

- Dadas varias imaxes, ordenalas para formar unha historieta. **IMPORTANTE:** o obxectivo desta actividade é que o alumno exprese oralmente o por que de esa secuenciación.
- Completar series lóxicas de obxectos, formas xeométricas...
- De entre varios obxectos da casa, identificar/agrupar os que teñen máis relación entre si atendendo a distintas particularidades (funcionalidade, tamaño, cor...).
- Actividades nas que teña que recoñecer o obxecto máis diferente (obxectos da casa) de entre un conxunto, nun tempo determinado. Explicar o por que.

Para eliminar as inversións gráficas na escrita:

- Verbalizar as diferenzas entre aquelas grafías nas que se invirte a súa posición, como é o caso das letras en espello (q/p, d/b, u/n). **IMPORTANTE:** explicar ditas diferenzas por medio de exemplos.

- Identificar letras nun conxunto.
- Presentar letras para que as copie na súa posición correcta ou rodear aquelas que están ben escritas dentro dun conxunto.
- Identificar letras e asocialas con distintas cores. Anotar o número de grafías que hai de cada tipo.
- Colorear imaxes de cores diferentes atendendo á súa posición no espazo.

1.4.- Criterios de avaliación

- Afianza as habilidades mentais básicas e os procesos cognitivos.
- Logra un bo nivel motivacional de cara ao desenvolvemento das tarefas escolares.

3º curso de Ed. Primaria. Alumno 2

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Alumna que precisa consolidar o proceso de cálculo, mellorar a comprensión do significado das operacións matemáticas (procesamento numérico) e practicar a resolución de problemas.

1.2.- Obxectivos

- Consolidar o proceso de cálculo.
- Mellorar a comprensión do significado das operacións matemáticas mediante a práctica da resolución de problemas.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

-Proposta de actividades na que se recolle unha batería de problemas para resolver, tendo en conta o seguinte procedemento:

- *Ler varias veces o problema e subliñar os datos (pode anotalos) e a pregunta. É preciso que sexa consciente de que entende a información dándolle significado coas súas propias palabras. Se o precisa, pode facer un debuxo para visualizar mellor dita información.
- *Pensar no que lle preguntan (a que teño que responder?; teño todos os datos?; fáltame algún?; como o consigo?; que teño que facer: xuntar, quitar?).
- *Reflexionar sobre a operación ou operacións que ten que realizar para responder á pregunta. Elixir a que considere axeitada e proceder a buscar a solución.
- *Valorar se o resultado é positivo e responde á pregunta. Se pola contra non é o esperado, pensar o por que e facer un repaso dos pasos seguidos para resolver o problema.

1.4.- Criterios de avaliación

-Adquire un bo dominio na resolución de problemas matemáticos.

3º curso de Ed. Primaria. Alumno 3

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Esta alumna mostra dificultades de concentración e razoamento lóxico, así como tamén no desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos. Dentro do ámbito da comunicación, manifesta problemas na linguaxe escrita: alteracións en lectura e escritura, en velocidade lectora e en comprensión lectora.

1.2.- Obxectivos

- Consolidar o proceso de cálculo.
- Mellorar a comprensión do significado das operacións matemáticas mediante a práctica da resolución de problemas.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

De cara a afianzar procesos cognitivos básicos como a atención e a memoria e exercitar a capacidade de concentración:

- Para o logro deste obxectivo plantéxanse o mesmo tipo de actividades que as recollidas para o alumno 1, pero adaptadas ao nivel de competencia curricular da alumna.

Para consolidar as aprendizaxes instrumentais básicas de razoamento lóxico básico:

- Para o logro deste obxectivo plantéxase o mesmo tipo de actividades que as recollidas para o alumno 1, pero adaptadas ao seu nivel de competencia curricular

De cara a afianzar a linguaxe escrita (lectura e escritura):

- Actividades coas que se contribúa a consolidar a velocidade lectora (fluidez, ritmo e entoación axeitados):

- *Exercicios de lectura rápida de palabras nun tempo determinado.
- *Rastreo de palabras.
- *Lectura de palabras e frases semiborradas.
- *Ler palabras para formar oracións, segundo a orde numérica establecida.
- *Lecturas en forma triangular para potenciar o desenvolvemento da visión periférica.

- Actividades dirixidas á mellora da comprensión lectora:

Recorrer ao emprego de textos apropiados e sobre estes realizar actividades como as seguintes:

- *Facer unha primeira lectura rápida dos mesmos. A continuación volvelos a ler e subliñar a información que considere máis relevante (podería empregar unha cor para subliñar a información importante e outra para subliñar a información secundaria).
- *Facer un resumo (determinar/ concretar as liñas que ten que escribir) sobre a lectura.
- *Completar oracións con información do texto.
- *Contestar preguntas relacionadas co texto.
- *Dadas unha serie de afirmacións, marcar a resposta correcta.
- *Completar cadros coas preguntas ou as respostas axeitadas. Se formulamos a pregunta ten que dar a resposta axeitada.
- *Presentar frases relacionadas coa lectura e dicir se son verdadeiras ou falsas.
- *Dadas varias oracións, ordenalas cronoloxicamente para facer un resumo da lectura.
- *Relacionar información da lectura (por exemplo: o nome dun personaxe coas súas características físicas ou o nome dun lugar cos feitos que acontecen).
- *Explicar en voz alta o que sabía sobre o tema do que trata a lectura antes de realizala e o que aprendeu dela (naqueles textos cuxa temática familiar).

- Actividades dirixidas a eliminar as alteracións na lectura e na escritura (substitucións de letras; unións e fragmentacións de palabras; confusión de sílabas directas e inversas, sinfóns e sílabas trabadas; inversións gráficas na escrita):

- *Subliñar os grupos de sílabas/palabras iguais a un modelo dado.
- *Dadas varias frases que presentan unións de palabras, separalas, ordenalas e copialas. A continuación contar o número de sílabas e de palabras.
- *Actividades de presentación de sopas de letras, nas que teña que buscar nomes que conteñan distinto número de sílabas.
- *Escribir palabras, frases que dicta outra persoa.
- *Completar palabras con consoantes- tipo: *p/b, b/d, m/n...*
- *Ler e clasificar palabras que empecen por consoantes- tipo: *pl/p, gl/pl/p, fl/pl/gl, bl/fl/gl...*
- *Completar palabras con sílabas- tipo: *pla/ple/pli/plo/plu, fla/fle/fli/flo/flu...*
- *Verbalizar as diferenzas) entre as grafías nas que se inverte a súa posición, como é o caso das letras en espello (q/p, d/b, u/n).

1.4.- Criterios de avaliación

- Afianza as habilidades mentais básicas e os procesos cognitivos.
- Supera as dificultades que presenta na linguaxe escrita.

3º curso de Ed. Primaria. Alumno 4

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Alumno que presenta alteracións diversas en lectura e escritura. A elo súmase a mala predisposición cara o traballo, mantendo, en ocasións, actitudes desafiante e retardadoras.

1.2.- Obxectivos

- Superar as alteracións na lectura e na escritura.
- Lograr un bo desenvolvemento emocional.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

- Lectura de palabras inventadas.
- Actividade denominada "Robavogais", consistente en adiviñar as vogais que faltan para formar palabras.
- Descubrir as palabras ocultas a partir da letra inicial de cada unha das imaxes.
- Recortar cada sílaba e pegala debaixo do debuxo que empece por esa mesma sílaba. **IMPORTANTE:** unha vez feita a actividade anterior, ditarlle os nomes de cada unha das imaxes para que os escriba. Incluso podería facer frases nas que inclúa algunhas desas palabras.
- Formar palabras novas quitando sílabas.
- Exercicios de deletreo consistentes en completar coas letras que faltan para formar palabras.
- Rodear imaxes en función da sílaba que conteña o seu nome. **IMPORTANTE:** unha vez realizada a actividade anterior, ditarlle os nomes de imaxes para que os escriba.
- Identificar palabras que estean ben ou mal escritas.
- Dadas unha serie de palabras: rodear ou subliñar as que se correspondan co debuxo, ou ben tachar as que non se relacionan coa imaxe.
- Dadas unha serie de palabras, tachar a letra que sobra ou ben escribir a letra que falta para que aquelas estean ben escritas.
- Escribir as letras que cambian entre unha palabra e un debuxo.
- Rodear/tachar as sílabas iguais a un modelo dado; asociar sílabas con distintas cores.
- Actividades diversas para traballar as unións e fragmentacións de palabras.

1.4.- Criterios de avaliación

- Mellora a competencia lectora e escritora.
- Logra un bo desenvolvemento no eido emocional.

4º curso de Ed. Primaria. Alumnos 5 e 6

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Ambos presentan NEAE relacionadas co desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos. Dificultades no sostemento atencional, na concentración e na memoria, tanto a curto como a longo prazo. Tamén manifiestan problemas de razoamento e de comprensión lectora.

1.2.- Obxectivos

- Desenvolver estratexias cognitivas que lles faciliten o acceso á información que reciben do seu medio e exercitar a capacidade de concentración.
- Mellorar a comprensión lectora.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

De cara a desenvolver estratexias cognitivas (procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria fundamentalmente) que lles faciliten o acceso á información que reciben do seu medio e exercitar a capacidade de concentración:

- Ordenar palabras para formar unha frase correcta nun tempo determinado.
- Completar series lóxicas de letras, números, formas xeométricas...
- Observar con atención unha serie de obxectos durante un tempo determinado. A continuación, localizar os obxectos observados con anterioridade de entre todos os que hai nun conxunto, traballando con elo a memoria visual.

De cara a mellorar a comprensión lectora:

- Para o logro deste obxectivo plantéxase o mesmo tipo de actividades que as recollidas para a alumna 3, pero adaptadas ao sseu nivel de competencia curricular .

1.4.- Criterios de avaliación

- Adquiren un bo desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos.
- Melloran a comprensión lectora

5º curso de Ed. Primaria. Alumno 7

1.1-Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Alumno que presenta dificultades na linguaxe escrita, concretamente na expresión escrita (amosa falta de vocabulario e atrancos para xerar ideas creativas, o que repercute directamente na pobreza das súas composicións escritas).

1.2.- Obxectivos

- Mellorar a expresión escrita.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

Para mellorar a expresión escrita:

- Ordenar unha serie de imaxes para formar unha historia e escribir o que sucede en cada unha delas.
- Creación de historias a partir de imaxes ordenadas.
- Actividades nas que teña que inventar conversacións entre distintos personaxes.
- Completar contos/ historias iniciadas para potenciar a escritura creativa.
- Inventar pequenos contos a partir dun título.
- Contar unha historia, redactar un texto, tomando como referencia unha serie de palabras dadas que ten que incluír no mesmo.
- Presentar láminas descritivas (do entorno, de persoas, animais...) para que describa o que observa en cada unha delas. **IMPORTANTE:** sería desexable que dita actividade se realizase primeiramente de forma oral, para recollela logo por escrito.
- Recorrer ao emprego de tarxetas editables coas que se traballe a escritura creativa.
- Resumir un texto lido previamente. **IMPORTANTE:** como paso previo ao resumo facer unha primeira lectura rápida. A continuación volver a ler o texto e subliñar a información recollida no mesmo. Finalmente escribir, coas súas propias palabras, as ideas extraídas da lectura.
- Buscar información sobre temas que poidan ser do seu interese e recollela por escrito. **IMPORTANTE:** non plasmala no papel tal cal se atope nas distintas fontes de busca. O interesante é que extraia aqueles datos que estime máis relevantes e os relacione entre si para dar coherencia/cohesión ao texto que elabore.
- Contestar a preguntas a partir de imaxes reais. Actividade cuxa importancia reside na vinculación entre as fotografías e o texto. Observar as imaxes e dar resposta a unha serie de preguntas relacionadas coas mesmas. Unha vez feita esta tarefa, podería elaborar un texto curto (dun párrafo), no que describa a fotografía.
- Escribir o que podería acontecer en situacións hipotéticas (“un día que comeu moitos doces”, “un día no que choveu moito”...).
- Imaxinar que é un determinado personaxe (tripulante dunha nave espacial, alcalde ou alcaldesa do seu pobo...) e explicar por escrito, que faría nos distintos papeis.

1.4.- Criterios de avaliación

- Mellora a linguaxe a nivel escrito.

5º curso de Ed. Primaria. Alumno 8

1.1-Necesidades Específicas de Apoyo Educativo

Alumno que manifiesta dificultades na linguaxe escrita, tanto a nivel lector (lectura lenta e con vacilacións o que repercute na velocidade e automatización lectoras e, como consecuencia, na comprensión lectora) como escrito (composicións escritas pobres e, en ocasións, inconexas e carentes de significado).

1.2.- Obxectivos

- Mellorar a expresión escrita.
- Mellorar a velocidade e a comprensión lectoras.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

Para mellorar a expresión escrita:

- Para o logro deste obxectivo plantéxase o mesmo tipo de actividades que as recollidas para o alumno 7, pero adaptadas ao seu nivel de competencia curricular .

Para mellorar a velocidade e a comprensión lectoras:

- Aínda non está dispoñible a batería de actividades relacionadas. Recolleranse na seguinte entrega

1.4.- Criterios de avaliación

- Mellora a expresión escrita e acada un bo nivel de comprensión lectora.

5º curso de Ed. Primaria. Alumno 9

1.1-Necesidades Específicas de Apoyo Educativo

Alumna que amosa dificultades na resolución de problemas.

1.2.- Obxectivos

- Mellorar a súa competencia matemática na resolución de problemas.

1.3- Actividades-tipo plantexadas

- Batería de problemas matemáticos acordes ao seu NCC e unhas orientacións previas á realización das tarefas.

1.4.- Criterios de avaliación

- Acada un nivel competencial axeitado na resolución dos problemas matemáticos.

Pedagogía Terapéutica

2. Metodoloxía do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Para desenvolver as <u>sesións de traballo</u> recurremos, semanalmente, ao emprego da plataforma facilitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, "Cisco Webex Meetings". Inténtase que ditas sesións sexan o máis dinámicas posibles para lograr manter a atención dos alumnos. O procedemento empregado consiste en compartir as actividades na pantalla e resolvelas de maneira conxunta, aclarando dúbidas. Hai que dicir que o feito de traballar deste xeito non resulta igual con todos os discentes. Algúns deles adaptáronse sen problema. Sen embargo, outros manifestan maiores dificultades para manter a concentración e a intervención resulta máis complexa. É por isto que a metodoloxía empregada intenta ter un <u>carácter lúdico</u> logrando reforzar a motivación dos nenos. Considérase fundamental ter en conta a <u>accesibilidade</u> asegurando, en colaboración co profesorado e familias, que todo o alumnado teña acceso aos recursos telemáticos e sexa capaz de seguir o proceso de ensino-aprendizaxe.</p>
Materiais e recursos	<p>En relación aos <u>recursos materiais</u>, dicir que todas as propostas de actividades- tipo plantexadas van acompañadas de anexos adxuntos nos que se inclúen recursos relacionados. Ditas propostas son enviadas ao titor/a e ao director do centro, quen se encarga de imprimilas e facerllas chegar ás familias.</p> <p>No que se refire aos <u>recursos organizativos</u>, en canto á <i>organización dos tempos</i>, sinalar que están establecidas sesións semanais de apoio de aproximadamente 45 minutos de duración cada unha delas, excepto no caso do alumno escolarizado no primeiro nivel da etapa de Educación Primaria, co cal se manteñen dúas sesións de traballo á semana (luns e xoves). O tempo restante adícase a preparar material apropiado para as distintas NEAE.</p> <p>No tocante á <i>organización de espazos</i>, trasladóuselle ás familias que sería desexable que o lugar de traballo na casa non contase con elementos distractores e fose sempre o mesmo.</p>

Pedagogía Terapéutica

3. Avaliación

Avaliación	<p>En liñas xerais, para avaliar a eficacia do "plan de intervención adaptado" valoraranse (ao remate da situación actual e excepcional na que nos atopamos, derivada da crise sanitaria), dunha maneira construtiva, os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Grao de consecución dos obxectivos propostos.-Avaliación da idoneidade das actividades realizadas.-Valoración dos recursos empregados e novas necesidades. <p>Nivel de cumprimento das actividades previstas.</p> <ul style="list-style-type: none">-Grao de adecuación das canles de coordinación establecidas.
Procedementos e instrumentos	<p>Con respecto ás estratexias, procedementos e instrumentos de avaliación empregados para "avaliar" os procesos de ensino- aprendizaxe podemos destacar: a valoración do progreso do alumno/a en base á análise das súas producións, as entrevistas coas familias e a comunicación cos titores (a través de videoconferencias).</p>

Pedagogía terapéutica

4.- Coordinación cos titores e comunicación cos alumnos e coas familias

Coordinación cos titores	<p>A <u>coordinación cos titores</u> lévase a cabo fundamentalmente a través do correo electrónico e, nalgúns casos, por vía telefónica. Mantense a comunicación con eles para as seguintes cuestións: facerlles chegar as propostas de actividades elaboradas para os alumnos e valorar conxuntamente a idoneidade das mesmas, "avaliar" a evolución dos discentes en base ás sesións de traballo desenvolvidas, informar sobre os horarios de apoio cos que contan telemáticamente para evitar coincidir nas horas de conexión.</p>
Coordinación coas familias	<p>En canto á <u>comunicación coas familias</u>, dicir que en canto reciben a proposta de actividades, mantense unha reunión coas mesmas para explicarlles o contido recollido en ditas propostas. Tamén se estableceu un primeiro contacto telefónico para informarlles sobre como se ían desenvolver as sesións de apoio a través de "Cisco Webex Meetings". Dende o inicio da intervención, facilitóuselles un correo para que os alumnos formulen todas as cuestións que xurdan en relación as actividades plantexadas dende o ámbito de PT e as familias poidan deixar avisos. Ademais a dirección do centro fixo entrega das direccións de correo electrónico e números de teléfono dos pais/nais dos alumnos. A <u>interacción co alumnado</u> establécese a través das sesións semanais de apoio e do correo electrónico</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>